


2.3. - Demografía, emprego e cobertura social



Ó longo deste capítulo tratarase de analiza-la situación demográfica, laboral e de cobertura social da poboación residente nas comarcas costeiras da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de obter unha visión global da estrutura social desas comarcas e comproba-lo grao de dependencia social do sector pesqueiro nestas zonas.

Aspectos demográficos

O **cadro 2.4.** mostra a extensión do territorio e a poboación das comarcas galegas. Obsérvase que das 53 comarcas nas que se divide a Comunidade Autónoma de Galicia, 20 teñen algún concello costeiro, sendo estas as consideradas no informe. As comarcas costeiras ocupan o 28% do territorio total da comunidade autónoma, mentres que a poboación empadroada nas mes-

mas no ano 2000 supuña o 62% do conxunto da poboación galega. Obtense, polo tanto, como nestas comarcas existe unha densidade de poboación (199,7) superior á do conxunto de Galicia (92,1), e máis de catro veces maior á densidade da Galicia interior.

No **cadro 2.5.** pode observarse a evolución da poboación nas diferentes comarcas e áreas funcionais galegas, centrándonos na análise daquelas que integran a chamada Galicia-costa. Neste senso obsérvase, en primeiro lugar, como só existen dúas áreas funcionais que presentan, respecto do ano 1996, un crecemento positivo da súa poboación: a área funcional de A Coruña e a de Pontevedra, as dúas pertencentes á Galicia-costa. Así, a área funcional de A Coruña presenta un incremento respecto do ano 1996 do 1,1% da súa poboación, sendo esta porcentaxe do 1,36%

2.4.

Territorio e poboación en Galicia, distribución por provincias, sexo e áreas funcionais.

	Superficie	Poboación 2000			Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares
	(en Km ²)	Total	Homes	Mulleres			
Provincia de A Coruña	7.942	1.108.419	531.744	576.675	139,6	94	10.292
Ferrol	1.556	210.253	100.871	109.382	135,1	20	2.599
Ferrol	625	164.108	78.281	85.827	262,6	11	1.348
Eume	539	28.976	14.332	14.644	53,8	5	665
Ortegal	392	17.169	8.258	8.911	43,8	4	586
A Coruña	2.597	513.616	245.394	268.222	197,8	35	3.403
A Coruña	470	356.636	168.767	187.869	758,8	9	821
Bergantiños	739	70.819	34.727	36.092	95,8	7	1.011
Betanzos	676	39.095	18.936	20.159	57,8	11	1.086
Fisterra	340	25.275	12.325	12.950	74,3	5	254
Terra de Soneira	372	21.791	10.639	11.152	58,6	3	231
Santiago	3.789	384.550	185.479	199.071	101,5	39	4.290
A Barbanza	244	66.353	32.348	34.005	271,9	4	387
Arzúa	485	19.283	9.508	9.775	39,8	4	580
Barcala	213	11.912	5.719	6.193	55,9	2	192
Muros	143	16.164	7.758	8.406	113,0	2	111
Noia	325	37.535	18.042	19.493	115,5	4	479
O Sar	177	17.756	8.529	9.227	100,3	3	211
Ordes	754	38.161	18.637	19.524	50,6	7	687
Santiago	690	145.404	69.090	76.314	210,7	7	872
Terra de Melide	367	14.867	7.480	7.387	40,5	4	540
Xallas	391	17.115	8.368	8.747	43,8	2	231
Provincia de Lugo	10.026	365.619	177.594	188.025	36,5	67	9.741
Mariña	1.395	76.185	36.817	39.368	54,6	15	1.739
A Mariña Central	501	30.494	14.682	15.812	60,9	6	588
A Mariña Occidental	494	28.136	13.766	14.370	57,0	5	735
A Mariña Oriental	400	17.555	8.369	9.186	43,9	4	416
Monforte	1.980	60.850	29.386	31.464	30,7	12	1.906
Chantada	462	17.288	8.478	8.810	37,4	3	651
Quiroga	578	7.398	3.598	3.800	12,8	3	211
Terra de Lemos	940	36.164	17.310	18.854	38,5	6	1.044
Lugo	6.651	228.584	111.391	117.193	34,4	40	6.096
A Fonsagrada	679	7.632	3.988	3.644	11,2	3	427
A Ulloa	418	11.366	5.557	5.809	27,2	3	518
Lugo	1.563	112.386	53.527	58.859	71,9	9	1.471
Meira	313	6.835	3.348	3.487	21,8	4	252
Os Ancares	1.049	14.519	7.563	6.956	13,8	6	561
Sarria	836	26.578	13.193	13.385	31,8	6	766
Terra Chá	1.793	49.268	24.215	25.053	27,5	9	2.101
Provincia de Ourense	7.273	345.241	165.472	179.769	47,5	92	3.675
Ourense	4.118	272.376	129.332	143.044	66,1	67	3.101
A Baixa Limia	530	10.095	4.783	5.312	19,0	5	164
A Limia	802	25.232	12.386	12.846	31,5	12	250
Allariz-Maceda	382	15.675	7.586	8.089	41,0	6	294
O Carballiño	552	30.446	14.352	16.094	55,2	9	595
O Ribeiro	407	20.917	9.811	11.106	51,4	10	268
Ourense	623	142.130	67.153	74.977	228,1	11	714
Terra de Caldelas	313	4.710	2.340	2.370	15,0	4	246
Terra de Celanova	509	23.171	10.921	12.250	45,5	10	570
Verín	1.754	37.711	18.707	19.004	21,5	12	263
Verín	1.008	29.495	14.575	14.920	29,3	8	168
Viana	746	8.216	4.132	4.084	11,0	4	95
O Barco	1.401	35.154	17.433	17.721	25,1	13	311
Terra de Trives	432	6.102	3.068	3.034	14,1	4	144
Valdeorras	969	29.052	14.365	14.687	30,0	9	167
Provincia de Pontevedra	4.418	912.621	437.581	475.040	206,6	62	6.239
Vigo	1.605	501.182	239.506	261.676	312,3	25	2.522
A Paradanta	333	18.334	8.672	9.662	55,1	4	628
O Baixo Miño	323	45.611	22.075	23.536	141,2	5	402
O Condado	341	37.795	18.045	19.750	110,8	5	493
Vigo	608	399.442	190.714	208.728	657,0	11	999
Pontevedra	1.317	334.193	161.142	173.051	253,8	28	2.039
Caldas	289	35.489	17.040	18.449	122,8	7	377
O Morrazo	136	79.357	38.939	40.418	583,5	4	219
O Salnés	266	104.139	50.504	53.635	391,5	9	551
Pontevedra	626	115.208	54.659	60.549	184,0	8	892
Lalín	1.496	77.246	36.933	40.313	51,6	9	1.678
Deza	967	47.474	23.052	24.422	49,1	6	1.062
Tabeirós-Terra de Montes	529	29.772	13.881	15.891	56,3	3	616
Galicia	29.659	2.731.900	1.312.391	1.419.509	92,1	315	29.947
Galicia costa (*)	8.508	1.699.352	815.161	884.191	199,7	138	13.664
Galicia interior	21.151	1.032.548	497.230	535.318	48,8	177	16.283

(*) Inclúense as comarcas con todos ou algún concello costeiro.

Fonte: La Caixa, Anuario económico 2001, IGE, Renovación do Padrón a 1 de xaneiro de 2000; Mapa comarcal de Galicia

2.5.

Evolución da poboación por comarcas e sexo en Galicia 1996-2000

	Poboación 1996			Poboación 2000			96/00		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
							(%)		
Provincia de A Coruña	1.110.302	533.921	576.381	1.108.419	531.744	576.675	-0,17	-0,41	0,05
Ferrol	214.705	103.210	111.495	210.253	100.871	109.382	-2,07	-2,27	-1,90
Ferrol	167.396	80.036	87.360	164.108	78.281	85.827	-1,96	-2,19	-1,75
Eume	29.260	14.469	14.791	28.976	14.332	14.644	-0,97	-0,95	-0,99
Ortega	18.049	8.705	9.344	17.169	8.258	8.911	-4,88	-5,13	-4,63
A Coruña	508.011	243.355	264.656	513.616	245.394	268.222	1,10	0,84	1,35
A Coruña	347.605	164.829	182.776	356.636	168.767	187.869	2,60	2,39	2,79
Bergantiños	71.225	34.969	36.256	70.819	34.727	36.092	-0,57	-0,69	-0,45
Betanzos	39.619	19.160	20.459	39.095	18.936	20.159	-1,32	-1,17	-1,47
Fisterra	26.326	12.923	13.403	25.275	12.325	12.950	-3,99	-4,63	-3,38
Terra de Soneira	23.236	11.474	11.762	21.791	10.639	11.152	-6,22	-7,28	-5,19
Santiago	387.586	187.356	200.230	384.550	185.479	199.071	-0,78	-1,00	-0,58
A Barbanza	66.862	32.648	34.214	66.353	32.348	34.005	-0,76	-0,92	-0,61
Arzúa	19.918	9.865	10.053	19.283	9.508	9.775	-3,19	-3,62	-2,77
Barcala	12.543	6.035	6.508	11.912	5.719	6.193	-5,03	-5,24	-4,84
Muros	17.205	8.252	8.953	16.164	7.758	8.406	-6,05	-5,99	-6,11
Noia	38.752	18.774	19.978	37.535	18.042	19.493	-3,14	-3,90	-2,43
O Sar	18.826	9.103	9.723	17.756	8.529	9.227	-5,68	-6,31	-5,10
Ordes	38.074	18.687	19.387	38.161	18.637	19.524	0,23	-0,27	0,71
Santiago	141.897	67.405	74.492	145.404	69.090	76.314	2,47	2,50	2,45
Terra de Melide	15.390	7.774	7.616	14.867	7.480	7.387	-3,40	-3,78	-3,01
Xallas	18.119	8.813	9.306	17.115	8.368	8.747	-5,54	-5,05	-6,01
Provincia de Lugo	370.303	180.550	189.753	365.619	177.594	188.025	-1,26	-1,64	-0,91
Marín	76.899	37.210	39.689	76.185	36.817	39.368	-0,93	-1,06	-0,81
A Marín Central	30.975	14.970	16.005	30.494	14.682	15.812	-1,55	-1,92	-1,21
A Marín Occidental	28.192	13.813	14.379	28.136	13.766	14.370	-0,20	-0,34	-0,06
A Marín Oriental	17.732	8.427	9.305	17.555	8.369	9.186	-1,00	-0,69	-1,28
Monforte	62.932	30.557	32.375	60.850	29.386	31.464	-3,31	-3,83	-2,81
Chantada	18.247	8.929	9.318	17.288	8.478	8.810	-5,26	-5,05	-5,45
Quiroga	7.994	3.974	4.020	7.398	3.598	3.800	-7,46	-9,46	-5,47
Terra de Lemos	36.691	17.654	19.037	36.164	17.310	18.854	-1,44	-1,95	-0,96
Lugo	230.472	112.783	117.689	228.584	111.391	117.193	-0,82	-1,23	-0,42
A Fonsagrada	8.313	4.355	3.958	7.632	3.988	3.644	-8,19	-8,43	-7,93
A Ulloa	11.990	5.880	6.110	11.366	5.557	5.809	-5,20	-5,49	-4,93
Lugo	109.897	52.539	57.358	112.386	53.527	58.859	2,26	1,88	2,62
Meira	7.181	3.531	3.650	6.835	3.348	3.487	-4,82	-5,18	-4,47
Os Ancares	15.369	8.050	7.319	14.519	7.563	6.956	-5,53	-6,05	-4,96
Sarria	27.297	13.655	13.642	26.578	13.193	13.385	-2,63	-3,38	-1,88
Terra Chá	50.425	24.773	25.652	49.268	24.215	25.053	-2,29	-2,25	-2,34
Provincia de Ourense	346.913	166.778	180.135	345.241	165.472	179.769	-0,48	-0,78	-0,20
Ourense	273.375	130.180	143.195	272.376	129.332	143.044	-0,37	-0,65	-0,11
A Baixa Limia	10.623	5.047	5.576	10.095	4.783	5.312	-4,97	-5,23	-4,73
A Limia	26.055	12.859	13.196	25.232	12.386	12.846	-3,16	-3,68	-2,65
Allariz-Maceda	16.000	7.696	8.304	15.675	7.586	8.089	-2,03	-1,43	-2,59
O Carballiño	31.200	14.793	16.407	30.446	14.352	16.094	-2,42	-2,98	-1,91
O Ribeiro	21.489	10.083	11.406	20.917	9.811	11.106	-2,66	-2,70	-2,63
Ourense	139.189	65.931	73.258	142.130	67.153	74.977	2,11	1,85	2,35
Terra de Caldas	5.019	2.508	2.511	4.710	2.340	2.370	-6,16	-6,70	-5,62
Terra de Celanova	23.800	11.263	12.537	23.171	10.921	12.250	-2,64	-3,04	-2,29
Verín	38.225	19.020	19.205	37.711	18.707	19.004	-1,34	-1,65	-1,05
Verín	29.497	14.623	14.874	29.495	14.575	14.920	-0,01	-0,33	0,31
Viana	8.728	4.397	4.331	8.216	4.132	4.084	-5,87	-6,03	-5,70
O Barco	35.313	17.578	17.735	35.154	17.433	17.721	-0,45	-0,82	-0,08
Terra de Trives	6.582	3.356	3.226	6.102	3.068	3.034	-7,29	-8,58	-5,95
Valdeorras	28.731	14.222	14.509	29.052	14.365	14.687	1,12	1,01	1,23
Provincia de Pontevedra	915.104	439.098	476.006	912.621	437.581	475.040	-0,27	-0,35	-0,20
Vigo	502.872	240.318	262.554	501.182	239.506	261.676	-0,34	-0,34	-0,33
A Paradanta	20.275	9.606	10.669	18.334	8.672	9.662	-9,57	-9,72	-9,44
O Baixo Miño	45.424	21.861	23.563	45.611	22.075	23.536	0,41	0,98	-0,11
O Condado	38.154	18.180	19.974	37.795	18.045	19.750	-0,94	-0,74	-1,12
Vigo	399.019	190.671	208.348	399.442	190.714	208.728	0,11	0,02	0,18
Pontevedra	331.971	160.144	171.827	334.193	161.142	173.051	0,67	0,62	0,71
Caldas	35.831	17.163	18.668	35.489	17.040	18.449	-0,95	-0,72	-1,17
O Morrazo	78.248	38.422	39.826	79.357	38.939	40.418	1,42	1,35	1,49
O Salnés	103.178	50.156	53.022	104.139	50.504	53.635	0,93	0,69	1,16
Pontevedra	114.714	54.403	60.311	115.208	54.659	60.549	0,43	0,47	0,39
Lalín	80.261	38.636	41.625	77.246	36.933	40.313	-3,76	-4,41	-3,15
Deza	49.697	24.298	25.399	47.474	23.052	24.422	-4,47	-5,13	-3,85
Tabeirós-Terra de Montes	30.564	14.338	16.226	29.772	13.881	15.891	-2,59	-3,19	-2,06
Galicia	2.742.622	1.320.347	1.422.275	2.731.900	1.312.391	1.419.509	-0,39	-0,60	-0,19
Galicia costa (*)	1.698.848	816.125	882.723	1.699.352	815.161	884.191	0,03	-0,12	0,17
Galicia interior	1.043.774	504.222	539.552	1.032.548	497.230	535.318	-1,08	-1,39	-0,78

(*) Inclúense as comarcas con todos ou algún concello costeiro.

Fonte: La Caixa, Anuario económico 2001, IGE, Renovación do Padrón a 1 de xaneiro de 2000; Mapa comarcal de Galicia

no caso das mulleres. A área funcional de Pontevedra incrementa a súa poboación no 0,67%, sendo o incremento da poboación feminina do 0,71%.

A nivel comarcal, das 53 comarcas nas que se divide Galicia, 10 delas presentan un incremento da súa poboación respecto ó ano 1996: A Coruña, Ordes, Santiago, Lugo, Ourense, Vigo, O Baixo Miño, O Morrazo, O Salnés e Pontevedra. Seis delas pertencen á Galicia-costa.

En xeral, as comarcas pertencentes á Galicia-costa incrementaron a súa poboación respecto do ano 1996 nun 0,03%, mentres que os concellos que integran a Galicia-interior sufriron unha redución na súa poboación do 1,08%.

Emprego

O número de persoas ocupadas no sector pesqueiro galego, tal como mostra o **cadro 2.6.**, ascendeu a 32.700 ocupados no ano 2001. Neste ano, o peso relativo da ocupación do sector pesqueiro no total galego situouse no 3,3%. A provincia de Pontevedra acolle a 16,9 miles de persoas ocupadas neste subsector (51,7% da poboación galega dedicada á pesca) e A Coruña acolle un total de 13,6 miles de ocupados (41,6% dos ocupados na pesca).

A evolución da poboación ocupada no sector pesqueiro no período 1997-2001 mostra un lixeiro incremento da mesma. O maior incremento da poboación ocupada no sector pesqueiro prodúcese no ano 1999, onde a variación respecto ó ano anterior foi do 16,1%. Malia existir un ascenso nos niveis de poboación ocupada en tódolos anos da serie, agás no ano 2001, o peso relativo da poboación ocupada no sector pesqueiro en relación ó total de poboación ocupada galega mantense estable ó redor do 3,5%, pasando do 3,1% no ano 1997 ó 3,6% no ano 2000.

A nivel provincial, Pontevedra ocupa o primeiro lugar en tódolos anos da serie en canto a número de persoas ocupadas no sector pesqueiro. A provincia de Pontevedra absorbía o 59,7% da poboación total ocupada na pesca en Galicia no

ano 1997, cun volume de 16.900 traballadores. O número de ocupados no sector na provincia de Pontevedra mantense inalterado no ano 2001, pero o peso porcentual no conxunto de Galicia redúcese ata o 51,6% da poboación ocupada no sector, a causa do incremento no número de ocupados no sector pesqueiro na provincia de A Coruña, que pasa de 9.400 ocupados no ano 1997 a 13.600 no ano 2001, unido á estabilidade da ocupación pesqueira na provincia de Lugo en torno ós 2.200 empregados tanto no ano 1997 como en 2001.

A nivel municipal, o **cadro 2.7.** mostra a poboación ocupada por sexo para o ano 1996 no sector pesqueiro, en tódolos municipios onde esta poboación ocupada sexa maior a 100 persoas.

Os concellos que no ano 1996 presentaban un maior número de poboación ocupada no sector pesqueiro eran os de Vigo con 2.267 ocupados, Cangas con 2.096 ocupados, Marín con 1.683 ocupados e A Coruña con 1.526 ocupados. Sen embargo os concellos cunha maior dependencia do sector pesqueiro, medida esta como porcentaxe de ocupación no sector en relación á ocupación total do municipio son os de Fisterra onde o 43,3% da poboación ocupada do concello estaba empregada no sector pesqueiro, esta porcentaxe é similar no concello de Bueu, o 43,2%. A poboación ocupada no sector pesqueiro nos concellos de Ribeira, Cangas, Cariño, Vilanova de Arousa e A Guarda estaba en torno ó 35% da poboación ocupada total, e en concello tales como Malpica, Marín, Porto do Son ou Burela, entre outros, en torno ó 25% da poboación ocupada total no concello. Unhas porcentaxes, en calquera dos casos, moi superiores á media de ocupación no sector en Galicia que se situaba no 4% do total de ocupación na Comunidade.

A evolución da poboación ocupada no sector da pesca e da acuicultura entre os anos 1993 e 2000 en Galicia e en España obsérvase no **gráfico 2.1.** Tanto en Galicia como en España observamos un punto de inflexión no ano 1997, a partir do que a poboación ocupada comeza a incrementarse. No período 1993-1997 prodúcese unha redución na poboación ocupada no sector que en

Población ocupada 1997-2001: distribución segundo sectores económicos

	1997			1998			1999			2000			2001			01/00		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
																	(%)	
A Coruña	221,2	136,3	357,5	225,3	137,6	362,9	232,2	148,0	380,2	241,2	152,1	393,4	238,4	157,9	396,1	-1,2	3,8	0,7
	19,4	30,8	50,2	19,2	27,9	47,0	15,7	25,7	41,4	16,9	25,0	41,9	15,1	19,1	34,1	-11,1	-23,4	-18,7
	8,7	0,7	9,4	9,8	0,2	10,0	12,4	1,6	14,0	12,8	3,2	15,9	10,9	2,7	13,6	-14,3	-15,9	-14,5
	43,0	18,3	61,4	44,9	18,8	63,7	48,7	19,6	68,3	48,3	22,2	70,5	49,4	25,7	75,1	2,3	15,7	6,5
	41,8	1,4	43,2	42,5	1,3	43,8	40,2	1,7	43,9	44,2	1,8	46,0	49,9	2,4	52,2	12,8	31,9	13,5
	108,3	85,2	193,5	108,8	89,6	198,4	113,2	99,4	212,6	119,0	100,1	219,1	113,1	108,1	221,1	-5,0	8,1	0,9
Lugo	82,5	57,4	139,8	79,8	52,6	131,8	80,8	51,4	132,2	82,6	57,5	140,1	79,3	58,5	137,7	-4,0	1,7	-1,7
	32,7	30,0	62,6	29,2	24,4	54,2	26,1	23,3	49,5	27,2	25,7	52,9	24,6	22,3	46,8	-9,7	-13,2	-11,5
	1,9	-	1,9	2,2	0,2	2,4	2,8	0,2	3,0	3,0	0,6	3,6	1,9	0,3	2,2	-36,7	-45,8	-38,9
	8,8	1,7	10,5	10,3	1,6	11,9	9,9	2,1	12,0	10,4	2,9	13,3	13,1	3,4	16,5	25,8	18,1	24,5
	10,9	0,1	11,0	9,8	0,2	10,0	11,2	0,5	11,7	11,6	0,6	12,1	10,6	0,4	11,0	-8,2	-34,8	-9,3
	28,2	25,6	53,8	27,1	26,1	53,2	30,7	25,4	56,1	30,4	27,8	58,2	29,2	32,1	61,2	-4,1	15,5	5,2
Ourense	66,1	47,1	113,2	67,2	48,2	113,4	64,2	44,9	109,1	70,5	47,4	118,0	72,7	46,4	119,1	3,1	-2,2	1,0
	7,1	13,8	20,9	7,6	12,2	19,8	6,4	8,4	14,8	8,9	10,2	19,2	7,6	9,7	17,1	-15,4	-5,6	-10,7
	0,2	-	0,2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
	16,2	4,7	20,9	14,6	3,7	18,3	14,5	4,9	19,4	15,1	5,0	20,1	17,8	4,8	22,6	18,1	-3,0	12,7
	13,3	0,3	13,7	13,6	0,2	13,8	13,0	0,2	13,3	14,3	0,5	14,7	15,0	0,8	15,8	5,1	72,2	7,5
	29,3	28,3	57,7	31,4	30,0	61,4	30,3	31,3	61,6	32,3	31,8	64,0	32,4	31,1	63,6	0,2	-2,1	-0,7
Pontevedra	193,1	108,8	291,9	190,9	118,9	309,8	196,7	123,6	320,2	202,8	132,5	335,2	197,8	136,5	334,5	-2,5	3,0	-0,2
	13,5	21,1	34,6	10,7	20,9	31,6	11,6	22,0	33,6	7,7	19,5	27,2	8,0	16,3	24,4	4,6	-16,4	-10,3
	13,2	3,7	16,9	12,5	4,2	16,6	12,6	4,2	16,8	12,8	3,7	16,5	13,2	3,6	16,9	3,1	-0,7	2,6
	47,1	12,3	59,4	53,0	15,6	68,6	52,9	16,5	69,3	54,0	17,7	71,6	55,5	19,9	75,6	2,8	12,6	5,5
	30,3	0,5	30,8	30,1	0,4	30,4	35,1	0,9	34,0	41,8	2,0	43,8	37,5	1,9	39,3	-10,3	-5,0	-10,3
	79,1	71,2	150,3	84,6	77,9	162,5	84,5	80,1	164,6	86,6	89,5	176,1	83,7	94,7	178,3	-3,4	5,8	1,2
Total	552,8	349,6	902,4	562,6	355,2	917,8	573,9	367,8	941,7	597,1	389,5	986,6	588,2	399,2	987,5	-1,5	2,5	0,1
	72,7	95,6	168,3	67,3	85,3	152,6	59,8	79,4	139,3	60,7	80,4	141,1	55,2	67,4	122,4	-9,1	-16,2	-13,3
	23,9	4,4	28,3	24,5	4,6	29,1	27,8	5,9	33,8	28,6	7,4	36,0	26,1	6,6	32,7	-9,0	-10,7	-9,1
	115,1	36,9	152,0	122,8	39,7	162,5	126,0	43,0	169,0	127,7	47,8	175,5	135,7	53,9	189,8	6,3	12,7	8,2
	96,3	2,3	98,6	96,0	2,1	98,1	101,6	3,3	104,9	111,8	4,8	116,6	112,9	5,4	118,3	1,0	12,4	1,4
	244,9	210,3	455,2	251,9	223,6	475,5	258,6	236,2	494,8	288,3	249,1	517,4	258,3	266,0	517,4	-3,7	6,8	1,3

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa (metodoloxía orixinal)

Poboación ocupada no sector pesqueiro a nivel municipal ^{(1) (2)} 1996


Concello	Homes	Mulleres	Total	% s/ total de ocupación
A Coruña	13.351	1.078	14.429	4,22
Ares	86	-	86	7,03
Arteixo	106	47	153	2,02
Boiro	978	270	1.248	20,90
Cabana de Bergantiños	50	-	50	2,62
Camariñas	449	23	472	-
Cambre	64	13	77	1,44
Carballo	132	36	168	2,05
Cariño	452	21	473	32,80
Carnota	191	21	212	12,75
Cedeira	348	50	398	18,34
Cee	59	13	72	3,34
Coruña A	1.345	181	1.526	2,03
Culleredo	82	19	101	1,48
Fene	99	7	106	2,63
Ferrol	167	19	186	0,83
Fisterra	625	29	654	43,31
Laracha (Caión)	81	10	91	2,61
Laxe	243	20	263	-
Lousame	60	1	61	5,06
Malpica de Bergantiños	587	36	623	26,42
Mañón	98	17	115	18,55
Mugardos	70	4	74	4,78
Muros	401	16	417	15,74
Muxía	280	1	281	-
Narón	115	12	127	1,43
Noia	666	16	682	17,78
Ortigueira	194	28	222	8,97
Outes	164	28	192	7,49
Padrón	55	3	58	2,11
Poboa do Caramiñal	417	27	444	16,43
Ponteceso	217	21	238	8,80
Pontedeume	52	1	53	2,16
Porto do Son	711	17	728	25,99
Rianxo	489	70	559	15,74
Ribeira	2.717	100	2.817	36,95
Sada	170	25	195	6,14
Lugo	2.140	143	2.283	2,00
Burela	560	45	605	22,59
Cervo	182	14	196	11,38
Foz	297	20	317	10,64
Ribadeo	103	16	119	4,17
Vicedo	142	24	166	21,45
Vilalba	74	3	77	1,74
Viveiro	556	27	583	12,89
Xove	130	10	140	12,58
Pontevedra	15.202	1.796	16.998	9,36
Baiona	685	19	704	22,66
Bueu	1.420	42	1.462	43,24
Cambados	712	161	873	21,78
Cangas	2.032	64	2.096	32,86
Estrada A	158	15	173	2,67
Gondomar	109	9	118	3,74
Grove O	624	165	789	21,26
Guarda A	829	14	843	30,42
Marín	1.582	101	1.683	25,69
Moaña	1.005	109	1.114	22,90
Nigrán	317	11	328	7,15
Oia	58	18	76	8,49
Poio	519	61	580	13,95
Ponteareas	84	18	102	2,05
Pontecesures	77	4	81	10,47
Pontevedra	461	122	583	2,48
Porriño	44	13	57	1,14
Redondela	514	89	603	6,55
Rosal O	67	20	87	5,01
Sanxenxo	386	198	584	12,09
Soutomaior	88	8	96	6,06
Valga	76	2	78	4,39
Vigo	1.959	308	2.267	2,58
Vilaboa	81	85	166	9,47
Vilagarcía de Arousa	382	135	517	5,80
Vilanova de Arousa	1.073	228	1.301	29,61
Total Galicia	30.755	3.030	33.785	4,09

(1) Os concellos onde a poboación ocupada no sector pesqueiro é inferior a 50 persoas non se relacionan.

(2) Dos concellos de Camariñas, Muxía e Laxe os datos son estimados.

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes 1996

G.2.1.



(1) Os datos de España están expresados coa nova metodoloxía EPA 2002, e os datos de Galicia coa EPA orixinal
(2) Non hai datos anteriores a 1993, xa que a partir de ese ano as ramas de actividade clasifícanse sobre a nova CNAE-93
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos INE e IGE, *Enquisa de poboación activa*

2.8.

Poboación ocupada no sector da Pesca 1997 e 2001: distribución segundo a súa situación profesional e sexo

	Sector Pesca			Peso relativo no total galego		
	Ocupados	Homes	Mulleres	Ocupados	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)			(%)		
Ano 2001	32,6	26,0	6,6	3,3	4,4	1,7
Empresarios sen asalariados	12,1	7,3	4,8	6,3	7,1	5,4
Empresarios con asalariados	2,3	2,3	-	3,9	4,9	-
Axudas familiares	0,9	0,3	0,6	2,0	2,1	1,9
Asalariados	17,1	16,0	1,1	2,5	3,8	0,4
Outros	0,2	0,1	0,1	4,5	4,8	4,3
Ano 1997	28,4	23,9	4,4	3,1	4,3	1,3
Empresarios sen asalariados	9,8	6,6	3,2	4,7	5,7	3,4
Empresarios con asalariados	1,6	1,4	0,2	3,4	3,7	2,3
Axudas familiares	0,9	0,3	0,6	1,2	1,2	1,2
Asalariados	16,0	15,6	0,4	2,8	4,2	0,2
Outros	0,1	-	0,1	1,4	-	2,8
	(%)			(en puntos porcentuais)		
Variación 01/97	15,0	8,7	49,2	0,2	0,1	0,4
Empresarios sen asalariados	23,5	10,2	51,2	1,7	1,4	2,1
Empresarios con asalariados	41,5	61,4	-	0,5	1,3	-2,3
Axudas familiares	5,9	9,1	4,3	0,8	0,9	0,7
Asalariados	7,0	2,6	193,3	-0,3	-0,4	0,2
Outros	100,0	-	0,0	3,1	4,8	1,5

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia en medias anuais a partir de datos IGE, *Enquisa de Poboación Activa (metodoloxía orixinal)*

España pasa de 93.500 ocupados a 58.600, e en Galicia pasa de 44.300 a 28.300 ocupados.

As porcentaxes de redución da poboación ocupada no período 1993-1997 son similares agás no primeiro e último ano do período sinalado, así mentres que en 1993 a redución estatal foi porcentualmente a dobre que en Galicia, no ano 1997 a redución da poboación ocupada en Galicia foi case 5 puntos superior á española. No que respecta ó período 1997-2000 como xa se sinalou comeza unha recuperación de poboación

ocupada no sector, que agás no ano 2000, é moi superior en Galicia que en España, así o incremento de poboación ocupada en Galicia entre os anos 1998 e 1999 foi do 15,8%, mentres que en España incrementouse no 1,5%.

En xeral obsérvase unha maior sensibilidade no volume de ocupación do sector pesqueiro en Galicia que na media do estado.

No **cadro 2.8.** pode observarse como a poboación asalariada no sector pesqueiro pasa de

2.9.

Poboación ocupada no sector Pesca 1997 e 2001: distribución segundo grupos de idade e sexo

	Sector Pesca			Peso relativo no total galego		
	Ocupados	Homes	Mulleres	Ocupados	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)			(%)		
Ano 2001	32,6	26,0	6,6	3,3	4,4	1,7
De 16 a 19 anos	0,7	0,7	-	4,3	6,3	-
De 20 a 24 anos	2,3	2,0	0,2	2,6	3,7	0,7
De 25 a 54 anos	26,8	22,1	4,8	3,7	5,1	1,6
Máis de 55 anos	2,8	1,2	1,6	1,7	1,3	2,3
Ano 1997	28,3	23,9	4,4	3,1	4,3	1,3
De 16 a 19 anos	0,2	0,2	-	1,0	1,4	-
De 20 a 24 anos	1,3	1,3	-	1,7	2,7	-
De 25 a 54 anos	23,5	20,4	3,1	3,6	5,0	1,3
Máis de 55 anos	3,3	2,0	1,3	2,1	2,3	1,9
	(%)			(en puntos porcentuais)		
Variación 01/97	15,2	8,8	50,0	0,2	0,1	0,4
De 16 a 19 anos	262,5	262,5	-	3,3	4,9	0,0
De 20 a 24 anos	73,1	55,8	-	0,9	1,0	0,7
De 25 a 54 anos	14,1	8,2	53,2	0,1	0,1	0,4
Máis de 55 anos	-15,2	-41,3	25,0	-0,4	-1,0	0,4

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia en medias anuais a partir de datos IGE, *Enquisa de Poboación Activa (metodoloxía orixinal)*

2.10.

Poboación activa, ocupada e parada no sector da pesca 1997 e 2001

	Sector Pesca			Peso relativo no total galego		
	Activos	Ocupados	Parados	Activos	Ocupados	Parados
	(en miles de persoas)			(%)		
Ano 2001	34,3	32,7	1,7	3,0	3,3	1,0
A Coruña	14,2	13,6	0,6	3,1	3,4	0,9
Lugo	2,3	2,2	0,1	1,5	1,6	0,3
Ourense	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1
Pontevedra	17,9	16,9	1,0	4,5	5,0	1,7
Ano 1997	30,6	28,4	2,3	2,8	3,1	1,1
A Coruña	10,3	9,4	0,9	2,4	2,6	1,1
Lugo	2,2	1,9	0,3	1,3	1,4	1,3
Ourense	0,2	0,2	0,0	0,1	0,1	0,0
Pontevedra	18,0	16,9	1,1	4,8	5,8	1,4
	(%)			(en puntos porcentuais)		
Variación 01/97	12,2	15,3	-26,7	0,2	0,2	-0,1
A Coruña	37,4	44,3	-37,1	0,7	0,8	-0,3
Lugo	3,4	17,1	-83,3	0,1	0,3	-1,0
Ourense	-83,3	-100,0	-	-0,1	-0,1	0,1
Pontevedra	-0,4	-0,1	-4,7	-0,3	-0,7	0,3

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia en medias anuais a partir de datos IGE, *Enquisa de Poboación Activa (metodoloxía orixinal)*

2.11.

Taxa de paro 1997-2001 no subsector da Pesca

	1997	2001
	(%)	
A Coruña	17,7	13,7
Pesca	8,6	4,1
Lugo	14,5	11,0
Pesca	12,5	2,3
Ourense	17,5	12,7
Pesca	-	-
Pontevedra	21,3	15,6
Pesca	6,1	5,6
Total	18,4	13,9
Pesca	7,4	4,9

Fonte: IGE, *Enquisa de Poboación Activa (metodoloxía orixinal)*

16.000 no ano 1997 a 17.100 no ano 2001. O número de empresarios do sector pesqueiro sen asalariados pasa de 9.800 no ano 1997 a 12.100 no ano 2001. O número de empresarios con asalariados no sector, que pasan de 1.600 en 1997 a 2.300 no ano 2001, sendo esta categoría a que rexistra unha maior variación porcentual entre os anos sinalados (41,5% máis).

En relación á distribución da poboación ocupada na pesca segundo o grupo de idade e sexo, o **cadro 2.9.** reflicte como, tanto no ano 1997 como no ano 2001, son os homes entre 25 e 54 anos os que representan a maior porcentaxe de ocupados no sector. Así, no ano 1997, 23.500 ocupados estaban nesta categoría, pasando a 26.800 no ano 2001; neste senso é importante ter en conta o incremento do número de ocupados no sector pesqueiro con idades comprendidas entre 20 e 24 anos que pasan de 1.300 no ano 1997 a 2.300 no ano 2001.

É importante ter en conta o feito de que no período analizado o número de mulleres ocupadas no sector pesqueiro en Galicia incrementouse nun 50%, pasando de 4.400 no ano 1997 a 6.600 mulleres no ano 2000, pasando de representar o 15,5% dos ocupados totais no sector no ano 1997 a significa-lo 20,2% no ano 2001.

O incremento da poboación ocupada no sector pesqueiro entre os anos 1997 e 2000 está asociado á redución do número de parados no sector, que pasan de 2.300 no ano 1997 a 1.700 no ano 2001, unha redución do 26,7%. Esta diminución do número de parados dáse no conxunto de Galicia, destacando a diminución do 83,3% na provincia de Lugo (**cadro 2.10.**).

No que respecta á poboación activa no sector, esta incrementase nun 12,2% no período analizado, aínda que non dun xeito homoxeneo. Así, por provincias, destaca a diminución do 0,4% na poboación activa na provincia de Pontevedra e o incremento do 37,4% na provincia de A Coruña.

Neste senso, as taxas de paro para o período 1997-2001, expostas no **cadro 2.11.**, mostran como no que respecta á taxa de paro xeral da eco-

nomía galega, a única provincia que se sitúa por riba da media galega tanto nos anos 1997 como no 2001 é a provincia de Pontevedra, mentres que as restantes provincias están en ámbolos dous casos por debaixo da media da comunidade. Sen embargo, ó analiza-las taxas de paro no sector pesqueiro, observamos como no ano 1997 a provincia de Pontevedra era a única das provincias galegas que se situaba cunha taxa de paro para o subsector pesqueiro por debaixo da media galega, mentres que as provincias de A Coruña e Lugo estaban 1,6 e 5,1 puntos porcentuais por riba da media galega. No ano 2001 esta situación cambia, pasando a se-la provincia de Pontevedra a única que mantén taxas de paro no sector pesqueiro por riba da media galega (5,6%), mentres que as provincias de A Coruña e Lugo se sitúan 0,8 e 2,6 puntos porcentuais por debaixo da taxa de paro do sector no conxunto de Galicia.

A importancia social da pesca estendese máis alá do propio sector cara ás chamadas industrias auxiliares —os asteleiros, os talleres, os varadoiros ou os equipos para buques— ou cara ós servizos relacionados, como o transporte do peixe, os seguros, os servizos financeiros ou de consultaría. Neste senso, segundo datos proporcionados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a outubro do ano 2002, o 12,2% dos empregos de Galicia dependen directa ou indirectamente da actividade pesqueira; un total de 120.000 postos de traballo, que converten a Galicia na comunidade autónoma máis dependente do sector pesqueiro dentro de Europa.

Cobertura social

Neste apartado tratase de analiza-la situación social das persoas que integran o sector, de acordo cos datos da Seguridade Social do Réxime Especial do Mar (REM), facilitados polo Instituto Social da Marina (ISM). Cabe precisar que os datos proporcionados polo ISM refírense a catro Direccións Provinciais: Vigo, Vilagarcía, A Coruña e Lugo. Este feito motiva algunha distorsión nas comparacións provinciais.

No que respecta ós traballadores afiliados ó réxime especial do mar en alta laboral no ano

Traballadores afiliados en alta laboral ó Réxime Especial do Mar 1997-2001

	1997	1998	2001		V. R. ano anterior	97/01
			Media 2001	V. A. ano anterior		
Galicia	29.800	29.800	30.307	-537	-1,74	1,70
A Coruña	7.700	7.500	7.457	-162	-2,12	-3,16
Lugo	2.300	2.300	2.310	-9	-0,37	0,43
Ourense	-	-	-	-	-	-
Pontevedra	19.800	20.000	20.540	-367	-1,75	3,74

V.A. Variación Absoluta, V.R. Variación Relativa

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

2001, o **cadro 2.12.** mostra como a media para o citado ano no conxunto de Galicia é de 30.307 traballadores, sendo a provincia de Pontevedra a que acolle o 67,7% das afiliacións sinaladas. O número de afiliacións descendeu respecto do ano anterior tanto dende un punto de vista absoluto (537 afiliados menos) como relativo (1,74% menos que o ano anterior). Así mesmo, o descenso das afiliación no réxime especial do mar foi xeneralizado en tódalas provincias. En relación ó ano 1997, as afiliacións ó réxime especial do mar para Galicia no seu conxunto incrementáronse nun 1,7%, sendo a provincia de Pontevedra a que rexistrou un maior incremento (3,7%) e A Coruña a única provincia onde descendeu o número de afiliacións (-3,16%).

Os traballadores afiliados ó Réxime especial do mar no segundo trimestre de 2002 expóñense no **cadro 2.13.**, distribuindo o número de afiliados por grupos e por Direccións provinciais.

Os traballadores que constitúen o campo de actuación do REM clasifícanse, a efectos de cotización, e a conseguinte repercusión na súa acción protectora, en tres grupos:

1. No primeiro grupo inclúense:

- Os traballadores por conta allea retribuídos a salario.

- Os traballadores por conta allea retribuídos á parte que presten servizo en embarcacións dedicadas ó transporte marítimo, os que traballen en embarcacións pesqueiras de máis de 150 trb, ou os non incluídos nos casos anteriores que opten por cotizar na mesma contía e forma que os retribuídos a salario.

2. No segundo grupo inclúense os traballadores retribuídos á parte que presten servizos en embarcacións pesqueiras de máis de 10 trb ata 150 toneladas inclusive.

- Grupo 2 A: Embarcacións entre 10 e 50 trb.

- Grupo 2 B: Embarcacións entre 50,01 e 150 trb.

3. No terceiro grupo inclúense:

- Os traballadores por conta propia ou autónomos.

- En todo caso, os traballadores retribuídos á parte que presten servizo en embarcacións de ata 10 toneladas de rexistro bruto.

Tendo o anterior en conta, o citado **cadro 2.13.** mostra como en Galicia existen 29.891 persoas afiliadas en empresas do REM nos tres grupos sinalados do REM; o número de afiliacións supón o 38,2% do total estatal.

Por grupos é importante destacar que o 47,6% dos traballadores do mar afiliados ó REM están incluídos no grupo terceiro, dos que 86% son traballadores por conta propia; neste senso o número de traballadores afiliados en Galicia ó grupo terceiro conta propia supoñen o 74,6% do total estatal.

O segundo grupo en importancia en tanto número de afiliacións é o grupo primeiro, co 36,1% do total de afiliacións ó REM en Galicia, alcanzando no segundo trimestre do ano 2002 10.810 afiliados, o que supón o 28,6% do total de afiliados no conxunto de España a este grupo.


Finalmente o grupo segundo é o que presen-

2.13.

Afiliados no réxime especial dos traballadores do mar (R.E.M.) ⁽¹⁾

Direccións provinciais		Afiliados en empresas do R.E.M.										Afiliados noutras situacións					Total		
		Grupo primeiro			Grupo segundo			Grupo terceiro				Total		Desemp.	Convenio especial			A. Sanit. Emigr. Sen C. Especial	Asimil. Alta
Mercante	Pesca	Estiba	Outros	Total	Grupo 2A	Grupo 2B	Calles	C.propia	Total										
Alicante	241	106	93	227	667	467	587	93	147	240	1.961	78	26	15	9	2.089			
Almería	2	53	40	29	124	268	748	122	106	228	1.368	241	6	7	4	1.626			
Ilas Baleares	972	5	233	543	1.753	53	265	224	341	565	2.636	93	8	4	35	2.776			
Barcelona	233	54	911	712	1.910	180	737	106	244	350	3.177	127	39	26	23	3.392			
Cádiz	446	1.105	1.311	81	2.943	141	1.022	789	328	1.117	5.223	1.303	79	15	7	6.627			
Castellón	85	32	97	81	295	495	617	89	114	203	1.610	36	8	1	9	1.664			
A Coruña	294	1.259	129	124	1.806	538	1.054	781	3.146	3.927	7.325	705	888	599	61	9.558			
Girona	233	56	37	344	670	306	477	94	234	328	1.781	49	15	-	-	1.845			
Granada	7	1	19	9	36	41	167	16	20	36	280	43	7	1	-	331			
Guipuzcoa	78	368	161	115	722	904	184	9	132	141	1.951	81	75	65	34	2.206			
Huelva	144	1.070	136	51	1.401	284	1.140	211	156	367	3.172	458	10	6	65	3.711			
Lugo	1	988	62	74	1.105	652	188	88	311	399	2.344	78	31	21	2	2.476			
Madrid	3.950	233	59	87	4.329	-	-	-	-	-	4.329	66	265	131	12	4.803			
Málaga	62	26	115	100	303	27	463	270	162	432	1.225	162	30	17	9	1.443			
Cartagena	144	362	119	111	736	73	324	97	112	209	1.342	164	18	11	1	1.536			
Gijón	230	69	379	99	777	525	330	209	382	591	2.223	99	113	83	34	2.552			
Las Palmas	1.033	878	612	432	2.955	227	104	277	306	583	3.869	445	27	10	12	4.363			
Vigo	500	5.562	425	141	6.628	928	479	592	3.173	3.765	11.800	982	932	637	347	14.698			
Tenerife	885	37	388	302	1.612	79	165	203	280	483	2.339	197	22	13	4	2.575			
Santander	118	116	144	58	436	785	315	58	357	415	1.951	124	153	123	3	2.354			
Sevilla	40	10	143	73	266	-	-	-	-	-	266	27	13	11	2	319			
Tarragona	18	186	546	176	926	131	515	106	295	401	1.973	318	24	1	6	2.322			
Valencia	144	30	815	54	1.043	40	120	86	217	303	1.506	151	12	6	5	1.680			
Vizcaya	378	1.449	737	196	2.760	625	235	11	221	232	3.852	200	966	682	22	5.722			
Ceuta	207	52	2	261	261	21	12	43	16	59	353	9	8	1	1	372			
Melilla	54	-	16	1	71	-	-	-	-	-	71	12	-	-	1	84			
Vilagarcía	40	1.059	115	57	1.271	544	459	526	5.622	6.148	8.422	615	836	662	187	10.722			
Prvs. Interior	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	27	-	-	-	27			
Total España	10.539	15.146	7.844	4.277	37.806	8.334	10.707	5.100	16.422	21.522	78.349	6.890	4.591	3.148	895	93.873			
Total Galicia	835	8.848	731	396	10.810	2.662	2.180	1.987	12.252	14.239	29.891	2.380	2.667	1.919	597	37.454			
%Galicia/España	7,9	58,4	9,3	9,3	28,6	31,9	20,4	39,0	74,6	66,2	38,2	34,5	58,1	61,0	66,7	39,9			

(1) datos a 30 de xuño de 2002
 Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Instituto Social de la Marina, Informe de gestión, Segundo trimestre 2002



2.14.

Empresarios, embarcacións e outros centros de traballo no Réxime Especial da Seguridade Social dos traballadores do Mar ⁽¹⁾

	Empresarios		Embarcacións e outros centros de traballo				
	Só na dir. Prov.	Ademais noutras D.P.	Total (2)	Grupo 1º	Grupo 2º	Grupo 3º	Outros C.I. (3)
Alicante	312	3	315	73	193	64	51
Almería	237	2	239	6	163	72	44
Illas Baleares	449	4	453	259	68	169	135
Barcelona	330	7	337	75	115	90	99
Cádiz	599	11	610	102	174	370	120
Castellón	250	4	254	10	179	60	81
A Coruña	854	6	860	152	222	523	201
Girona	296	2	298	109	129	60	70
Granada	54	1	55	2	41	8	6
Guipuzcoa	154	6	160	38	106	7	46
Huelva	341	6	347	163	262	86	95
Lugo	215	4	219	75	94	65	45
Madrid	116	10	126	207	1	-	73
Málaga	267	2	269	33	90	133	48
Cartagena	177	4	181	29	62	67	51
Gijón	300	4	304	40	113	153	78
Las Palmas	374	13	387	221	54	195	94
Vigo	901	10	911	359	155	385	487
Tenerife	291	9	300	83	41	169	92
Santander	198	3	201	10	132	40	67
Sevilla	19	3	22	6	-	-	26
Tarragona	294	5	299	47	134	78	107
Valencia	153	7	160	14	47	70	50
Vizcaya	224	7	231	106	128	9	122
Ceuta	31	3	34	11	6	8	17
Melilla	7	-	7	2	-	-	9
Vilagarcía	676	1	677	137	135	415	1.213
Prvs. Interior	-	-	-	-	-	-	-
Total España	8.119	137	8.256	2.369	2.844	3.296	3.527
Total Galicia	2.646	21	2.667	723	606	1.388	1.946
%Galicia/España	32,6	15,3	32,3	30,5	21,3	42,1	55,2
							38,7

(1) datos a 30 de xuño de 2002

(2) As empresas que figuran en máis dunha D.P., (unha vez excluídos os duplicados que son 81), determinan que o total de Empresarios sexa 8.175.

(3) Outros centros de traballo e artefactos flotantes.

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Instituto Social de la Marina, Informe de gestión, Segundo trimestre 2002

2.15.

Número de pensións por prestacións e Comunidade Autónoma ⁽¹⁾

	Incapacidade	Xubilación	Viuvez	Orfandade	F.familiares	Total
Andalucía	2.173	11.089	7.829	1.331	198	22.620
Aragón	6	38	41	2	1	88
Asturias	383	2.618	1.943	179	47	5.170
Illas Baleares	199	1.652	1.210	99	3	3.163
Canarias	615	5.952	3.738	625	114	11.044
Cantabria	345	2.178	1.404	146	27	4.100
Castela e León	39	160	67	17	2	285
Castela-A Mancha	8	27	26	2	-	63
Cataluña	454	5.035	3.327	286	19	9.121
Com. Valenciana	431	4.887	3.442	326	50	9.136
Extremadura	7	35	20	2	-	64
Galicia	4.251	26.847	14.625	1.965	305	47.993
Madrid	46	810	600	51	8	1.515
Murcia	152	1.012	779	107	20	2.070
Navarra	7	36	32	4	-	79
País Vasco	788	7.652	4.523	466	109	13.538
A Ríoxa	4	45	25	1	-	75
Ceuta	21	232	230	34	10	527
Melilla	33	131	134	28	5	331
Total España	9.962	70.436	43.995	5.671	918	130.982
%Galicia/España	42,7	38,1	33,2	34,6	33,2	36,6

(1) Pensións en vigor a 1 de xuño de 2002

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Instituto Social de la Marina, Informe de gestión, Segundo trimestre 2002

ta comparativamente unha menor afiliación con 4.842 afiliados no segundo trimestre de 2002, o que supón o 16,1% das afiliacións totais ó REM en Galicia e o 25,4% das afiliacións neste grupo a nivel estatal.

A distribución dos afiliados en Galicia segundo Dirección provincial mostra como é a de Vigo a que presenta un maior número de afiliados con 11.800 afiliados do REM (39,5% do total), seguida da de Vilagarcía con 8.422 (28,2% do total).

Xunto a posibilidade de afiliación ó REM existen outras situacións de afiliación, onde destacan pola importancia numérica os convenios especiais, dos que en Galicia existen 2.667 o que supón o 58,1% dos celebrados no conxunto do estado.

Incluindo os afiliados en outras situacións o número de afiliados acadaría en Galicia o de 37.454 o que implica que o 39,9% do total de afiliados a nivel estatal corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

Os empresarios, embarcacións, outros centros de traballo e contas de cotización no REM expóñense no **cadro 2.14.**

Este cadro mostra como o número de empresarios en Galicia alcanzou a xuño de 2002 o número de 2.667, o que supón o 32,3% do total do conxunto do estado. Por Direccións Provinciais, destaca a de Vigo con 911 empresarios, seguida da de A Coruña con 860.

En relación ás embarcacións e outros centros de traballo, existen en Galicia 4.663, o 38,7% das existentes no conxunto do Estado, destacando a Dirección provincial de Vilagarcía onde se empra o 40,7% das embarcacións e outros centros de traballo de Galicia, seguida pola Dirección provincial de Vigo co 29,7% do total.

Unha vez analizada a importancia da afiliación en Galicia ó REM, pasamos a estudar as prestacións, servizos sociais e a asistencia social.

No que respecta ó número de pensións por prestacións, o **cadro 2.15.** mostra o número de beneficiarios das prestacións de incapacidade, xubilación, viuvez, orfandade e familiares. Neste senso o total de beneficiarios destas pensións en Galicia ascendía a xuño de 2002 a 47.993 individuos, o que supón o 36,6% do total estatal, sendo Galicia a Comunidade Autónoma cun maior número de beneficiarios, seguida de Andalucía con 22.620 beneficiarios.

2.16.

Estadística de desempleo das Direccións Provinciais (1)

	Prestación	Subsidio	Total beneficiarios
Alicante	821	19	840
Almería	476	59	535
Illas Baleares	84	37	121
Barcelona	561	36	597
Cádiz	1.077	453	1.530
Castellón	34	6	40
A Coruña	1.003	405	1.408
Guipuzcoa	58	26	84
Huelva	405	76	481
Lugo	93	13	106
Madrid	41	44	85
Málaga	359	75	434
Cartagena	338	28	366
Gijón	95	42	137
As Palmas	364	72	436
Vigo	880	356	1.236
Vilagarcía (2)	-	-	-
Tenerife	159	45	204
Santander	58	78	136
Sevilla	25	18	43
Tarragona	351	21	372
Valencia	130	31	161
Vizcaya	189	92	281
Ceuta	17	12	29
Melilla	9	4	13
Prvs. Interior	216	50	266
Total España	7.843	2.098	9.941
Total Galicia	1.976	774	2.750
%Galicia/España	25,2	36,9	27,7

(1) Beneficiarios a xuño de 2002; datos correspondentes á nómina pagada no mes

(2) Os datos figuran incluídos en A Coruña e Vigo, tendo un total de 612 beneficiarios

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Instituto Social de la Marina, Informe de gestión, Segundo trimestre 2002

2.17.

*Pensión media do Réxime do Mar: distribución
segundo Comunidade Autónoma (1)*

	Importe mensual (en euros)
Madrid	802,44
Aragón	763,10
Extremadura	750,30
Castela e León	748,32
País Vasco	713,94
Navarra	704,33
Canarias	694,47
Castela-A Mancha	683,24
Cataluña	662,14
Melilla	612,36
Murcia	600,90
Illas Baleares	600,16
Asturias	588,99
C.Valenciana	567,37
Andalucía	547,18
Cantabria	547,06
Ceuta	540,37
Galicia	528,79
Total España	582,21
%Galicia/España	90,82

(1) Datos a 1 de xuño de 2002

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Instituto Social de la Marina, Informe de gestión, Segundo trimestre 2002

2.18.

Prestación familiar por fillo a cargo ⁽¹⁾

	Nº de causantes
Alicante	258
Almería	597
Illas Baleares	120
Barcelona	410
Cádiz	1.960
Castellón	191
A Coruña	1.670
Guipúzcoa	95
Huelva	1.365
Lugo	112
Madrid	45
Málaga	951
Cartagena	176
Guijón	278
As Palmas	729
Vigo	1.244
Vilagarcía	968
Tenerife	367
Santander	188
Sevilla	39
Tarragona	129
Valencia	137
Vizcaya	264
Ceuta	189
Melilla	64
Total España	12.546
Total Galicia	3.994
%Galicia/España	31,8

(1) Datos a 1 de xuño de 2002

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales,
Instituto Social de la Marina, Informe de gestión,
Segundo trimestre 2002

Tomando o dato de pensións contributivas totais no ano 2000 en Galicia, obtense que aproximadamente o 7% das mesmas corresponden a afiliados ó REM, o que contrasta ca porcentaxe de ocupados no sector pesqueiro respecto ó total de ocupación en Galicia que é do 3,3%.

Por tipo de prestación, as pensións de xubilación representan o 55% do total deste tipo de prestacións en Galicia, e ó mesmo tempo representan o 38,1% das pensións de xubilación neste réxime a nivel estatal.

A segunda prestación en importancia numérica en Galicia é a de viuvez con 14.625 beneficiarios, seguida da de incapacidade con 4.251 beneficiarios, sendo esta última a de maior peso porcentual respecto do total estatal, alcanzando o 42,7% do conxunto do estado.

O **cadro 2.16.** mostra a estatística de desemprego das Direccións provinciais, na que se dan datos do total de beneficiarios en función de que perciban a prestación ou o subsidio de desemprego.

En Galicia existen 2.750 beneficiarios que representan o 27,7% do conxunto do estado, dos que 1.976 perciben a prestación por desemprego (o 25,2% do total estatal) e os 774 restantes o subsidio por desemprego (36,9% do total estatal).

Tendo en conta que, nestas prestacións, os datos de beneficiarios da Dirección provincial de Vilagarcía figuran incluídos nas Direccións provinciais de A Coruña e Vigo, a Dirección provincial de A Coruña é a que presenta un maior número de beneficiarios con 1.408, o 51,2% do total galego, seguida de Vigo con 1.236 beneficiarios co 44,9% do total.

A pensión media do REM en Galicia é de 528,79 euros por mes, 53,42 euros inferior á pensión media do REM a nivel do estado, e é a máis reducida de toda-las Comunidades Autónomas (**cadro 2.17.**); isto é debido á importancia que ten en Galicia a afiliación ó grupo terceiro conta propia do REM en comparación con outras Comunidades Autónomas; como xa se sinalou na

2.19.

Centros docentes en Galicia: curso 2001-2002

	Educación infantil	EXB/ Primaria	B.U.P. e E.S.O.	F.P.R.	F.P.O.	Total	Alumnos internos
C. Mosteirón	-	132	169	1	-	302	25
G.I. Cillero	67	-	-	-	-	67	-
C. Panxón	-	82	102	-	-	184	45
G.I. Marín	62	-	-	-	-	62	-
C.F.O.M. Bamio	-	-	-	-	-	-	-
E.F.P. Bueu	-	-	-	-	17	17	-
E.F.P. Rivera	-	-	-	-	-	-	-
Total Galicia	129	214	271	1	17	632	70

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Instituto Social de la Marina, Informe de gestión, Segundo trimestre 2002

análise do **cadro 2.13.**, case o 75% dos afiliados ó grupo terceiro conta propia están en Galicia.

No que respecta ás prestacións familiares, o **cadro 2.18.** mostra o número de causantes segundo as Direccións provinciais das prestacións familiares por fillo a cargo a xuño de 2002.

En Galicia existen 3.994 causantes desde tipo de prestación, o que supón o 31,8% do total estatal. Por Dirección provinciais, a de A Coruña é a que presenta un maior número de causantes, con 1.670 –o 41,8% do total en Galicia–, seguida da Dirección provincial de Vigo, con 1.244 causantes, o 31,1% do total da comunidade.

Para rematar, na área de programas sociais, existen en Galicia, **cadro 2.19.**, seis centros docentes dependentes do Instituto Social da Marina, dous colexios, dúas garderías e dúas escolas de formación profesional, nos que no curso 2002-2003 están matriculados 702 alumnos, dos que 70 son alumnos internos. Estes centros imparten ensinanzas de Educación Infantil, EXB/ Primaria, B.U.P. e E.S.O., F.P.R. e F.P.O; estando mais do 40% dos alumnos totais matriculados en B.U.P. e E.S.O.

O Centro de Formación Ocupacional Marítima de Bamio é un centro de referencia nacional e realiza programas europeos de formación ocupacional marítima. ■